

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

### ACTA Nº 2018/7 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - CASA DO CONCELLO , MARTES 18 DE DECEMBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**Preside:** Benigno Galego Castro

**Asisten:** Cándido Eusebio Prieto Lago, David Prada Aneiros, Marina Tojeiro Martínez, Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao e Ana Rodríguez Montero

**Ausencias:** Pablo Casas Cibreiro e Rocío Martínez Martínez

**Secretaria-interventora:** Paula Díaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**


**1. Aprobación , se procede , da acta do pleno reunido o día 30/10/2018 .** Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a acta anterior

**2.- Aprobación do Plan de Obras e Servizos +2019 da Deputación Provincial da Coruña .**

O Pleno da Corporación do Concello de Cerdido,, en Sesión Ordinaria do 18 de decembro de 2018, aprobou por maioría dos asistentes ,o seguinte ACORDO:

Unha vez aprobada pola Deputación Provincial da Coruña, as Bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019 , e analizadas as necesidades municipais , esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo :

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

### A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>


### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	124.966,17 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>124.966,17 €</b>

### C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Instalación de EDAR en Abruñeiros ( A Barqueira )	62.359,98 €	0,00	62.359,98 €



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

Camiño en Carballal ( Cerdido ) e outros	51.364,95 €	0,00	51.364,95 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>113.724,93 €</b>	<b>0,00</b>	<b>113.724,93 €</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>


Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

### D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2019” aplicado á redución da débeda
		0,00 €
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>0,00 €</b>

### E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
	Achega 2019	0,00 €		0,00 €



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2019</b>	124.966,17 €		124.966,17 €
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2019</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	<b>Achega 2018</b>	113.724,93	0,00 €	0,00 €
	<b>Préstamo 2019</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2019</b>	0,00 €		0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2019</b>	124.966,17 €	0,00	124.966,17 €
	<b>Achega 2018</b>	113,724,93 €	0,00 €	113,724,93 €
	<b>Préstamo 2019</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	<b>TOTAL</b>	238,691,10 €	0,00 €	238,691,10 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Reparacións no Polideportivo Municipal	39.612,75 €
Ampliación do abastecemento de Vila da Igresia as Pontellas ( Cerdido )	41.516,48 €
<b>TOTAIS</b>	<b>81.129,23 €</b>



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”


**Votacións:**Catro votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Prieto Lago ,David Prada Aneiros Marina Tojeiro Martinez e o voto do Sr. Alcalde , e tres abstencions dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao e Ana Rodríguez Montero.

**Sr Alcalde** explica que a maioría das obras, xa estaba previstas con anterioridade , como son as obras de reformas no Polideportivo e a Edar nos Abruñeiros , so proxectos técnico xa coñecidos , no caso da Edar vaise probar un novo sistema para ver si funciona mellor que as fosas , no caso do Abastecemento da auga , estaba previsto realizalo con remanentes , pero non deu tempo a preparar todo e executar a obra este ano .

**A concelleira Ana Rodríguez Montero** pregunta si se compraron os terreos par a EDAR e cal é a súa cabida .

**O alcalde contéstalle** que cambiouse da parcela que nun principio estaba prevista , pola de o lado porque e moito mellor tecnicamente e ademais xa pasan tubos por ela , a parcela mide 5 ferrados por un prezo de 3000,00 euros e entende que é unha boa compra xa que a parcela tamén ten castaños .

### 3.Aprobación do Presuposto Municipal para 2019 e cadro de persoal .



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007


O Pleno da Corporación do Concello de Cerdido, en Sesión Ordinaria do martes 18 de decembro de 2018, aprobou por maioría dos asistentes o seguinte ACORDO:

Unha vez realizado o proxecto de presuposto municipais para o ano 2019 que ascende a un total de ingresos e gastos de 1.221.129,23 euros, cos que se pretende facer fronte a tódolos proxectos de gastos que pretende realizalo concello no vindeiro exercicio económico e que se concretan na documentación que obra no expediente de aprobación do presuposto e atendendo o disposto nos artigos 162 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa a aplicar, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente o presupostos deste concello para o ano 2019, por unha cantidade, tanto a nivel de ingresos como de gastos de 1.221.129,23 euros que se resume por capítulos nos cadros seguintes

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
Cap.	Denominación	Euros	Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	463.930,93	1	Impostos directos	224.600,00
2	Gastos en bens correntes	459.744,14	2	Impostos indirectos	5.000,00
3	Gastos financeiros	200,00	3	Taxas e outros ingresos	136.365,07
4	Transferencias correntes	14.400,00	4	Transferencias correntes	636.010,00
		0,00	5	Ingresos patrimoniais	18.300,00
6	Investimentos reais	277.854,16	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	5000,00	7	Transferencias de capital	200.854,16
8	Activos financeiros	0,00		Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
	<b>Suma</b>	<b>1.221.129,23</b>		<b>Suma</b>	<b>1.221.129,23</b>

**Segundo:** Aprobar o cadro de persoal do concello para o ano 2019 que figura como anexo deste acordo. **Terceiro:** Iniciar o período de exposición ó público por un período de quince días no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. No caso de que non se presentaren reclamacións neste prazo o presuposto para o ano 2019 considerarase definitivamente aprobado, polo que se deberá publicar, resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do concello. **Cuarto:** Remitirle unha copia dos presupostos a Administración Autonómica e a Administración do Estado, así como unha copia do cadro de persoal. ANEXO :CADRO DE PERSOAL 2019



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

### Cadro de persoal 2019


#### A.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Situación	Nivel
<b>*Funcionario de Administración local con Habilitación de carácter estatal</b>					
Secretaria - Intervención	A1	Secretaria - Intervención		Cuberta	28
<b>*Escala de administración xeral:</b>					
Administrativo	C1	Administración xeral	Administrativa	Cuberta	22
Auxiliar administrativo	C2	Administración xeral	Auxiliar administrativa	Cuberta	18
<b>*Escala de administración especial</b>					
Traballador social - coordinador sociocultural	A2	Administración especial	Técnica	Cuberta	26

#### B.- PERSOAL LABORAL

Denominación	Nº prazas	Situación	Observacións
Conductor da maquinaria municipal	1		Vacante
Servizos varios	1		Cuberta
Peón	1		Cuberta
Auxiliar de axuda a domicilio	6	Vacantes	Persoal contratado ao abeiro dun Convenio coa Deputación a Subvención da Xunta de Galicia
Animador - sociocultural	1	Vacante	Persoal contratado cunha subvención da Deputación

**Votacións:** Catro votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Prieto Lago ,David Prada Aneiros Marina Tojeiro Martinez e o voto do Sr. Alcalde , e tres abstencións dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao e Ana Rodríguez Montero.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

**Sr Alcalde** intervén para pedir desculpas polos erros que existen na documentación en papel distribuída entre os concelleiros, na portada aparece 2018, cando é 2019 e nas bases de execución aparecen como subvencións a comisións de festas 800,00 € a unha delas, cando son 600,00 para cada unha, estes erros xa se corrixiron na documentación do expediente administrativo, por outra banda nos presupostos en materia de investimento, destaca todas as obras que acabamos de aprobar así como unha partida de 15.000,00 € para modificar o Plan Xeral de Ordenación Municipal, dado que son moitas as reclamacións dos veciños en relación a nova Lei de montes, tamén destaca unha partida de 5000,00 € para transferencias que vai adicada a unha posible achega a un plan conxunto entre os Concellos de Moeche, San Sadurniño e Valdovino para realizar unha planta de envasado e rexistro sanitario para pequenos produtores, proxecto ao que solicitamos unha subvención a través de Seitura e o plan LEADER, a planta estará nunha nave no Concello de Moeche

**A concelleira Ana Rodríguez Montero**, pregunta sobre unha partida para produtividade e gratificacións en servizos sociais

**O Alcalde** contéstalle que é unha parte do salario dos funcionarios que se cobra cada mes


#### **4.-Moción do Grupo Municipal dos Socialistas de Cerdido sobre a política do Goberno Galego en relación co financiamento das Entidades Locais**

O Pleno da Corporación do Concello de Cerdido, en Sesión Ordinaria do martes 18 de decembro de 2018, aprobou por maioría dos asistentes o seguinte ACORDO:

O Grupo Municipal dos Socialistas de Cerdido dacordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Cada concello ten as súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional. O Plan Único, creado en 2017 polo Goberno da Deputación Provincial da Coruña unifica os antigos plans de investimentos da Deputación da Coruña (POS, PAS e PAI) e 11 liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do POS+ distribúense en base a criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello. O Plan Único da Deputación Provincial é un plan vivo e dinámico, que medra ao longo do





## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

exercicio e que nos tres anos que leva en funcionamento supera en 144 millóns de euros o investimento dos plans do anterior goberno durante 2012, 2013 e 2014.


O programa demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña. Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello. Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo. A Xunta de Galicia repartiu a dedo; e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débanse cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo como se fai dende fai anos dende a Deputación Provincial da Coruña.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos. 2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local. 3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais. 4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades. 5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan en cada concello, abrindo unha convocatoria por concorrencia competitiva. Cerdido, a 12 de decembro de 2018. Fdo. Cándido Eusebio Prieto Lago. Portavoz do grupo socialista de Cerdido.

**Votacións:** Catro votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Prieto Lago, David Prada Aneiros Marina Tojeiro Martínez e o voto do Sr. Alcalde, e tres abstencións dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao e Ana Rodríguez Montero.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

**O Concelleiro Cándido Eusebio Prieto Lago** explica que os Concellos cada vez teñen mais competencias e menos fondos polo que é necesario o reparto mais obxectivos das subvencións existentes, dado que a día de hoxe hai subvencións competitivas que se outorgan por orden de chegada ata rematar os fondos e as poucas horas xa non hai dispoñibilidade, o reparto das subvencións da Xunta debe ser algo similar ao Plan Único da Deputación.

**A Concelleira Ana Rodríguez Montero**, explica que a Deputación da Coruña ten moitos cartos para repartir porque esta moi saneada, como así o dixo o Presidente da Deputación.


**O Alcalde** intervén para explicar que o Plan Único da Deputación foi un acerto e o que se pide é que a Xunta faga algo parecidos. O 90 % das subvencións son para Concellos da mesma formación política que goberna a Xunta. A subvención do fondo de compensación ambiental soamente foi concedida unha vez e a xustificación é que non chegamos a puntuación mínima, cando antes esto non pasaba.

### **5.-Moción do Grupo Municipal dos Socialistas de Cerdido en apoio ao conflito das traballadoras do PAC**

O Pleno da Corporación do Concello de Cerdido, en Sesión Ordinaria do martes 18 de decembro de 2018, aprobou por maioría dos asistentes o seguinte ACORDO:

Os PAC, Puntos de Atención Continuada do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), distribuídos por toda Galicia, prestan asistencia sanitaria en horario comprendido entre 15:00 e 8:00 horas en días laborables e 24h en domingos e festivos. As condicións de traballo regúlanse pola Orde de 4 de xuño de 2008 pola que se publican determinados acordos sobre ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito da atención primaria do SERGAS. Fai mais de 10 meses as traballadoras dos PAC presentaron por escrito ao SERGAS unha táboa de na que se recollían as necesidades, deste colectivo, para poder realizar o traballo en condicións de seguridade e coa suficiente calidade asistencial e solicitando a recuperación de dereitos contemplados na orde que regula as condicións de traballo dos PAC. As reivindicacións do colectivo son as seguintes:

- Equipos paritarios de enfermaría e persoal médico.
- Revisión dos plans funcionais de cada PAC para dotar das necesidades actuais en cada



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007


centro.

- Cumprimento das normativas europeas de tempo de traballo.
- Dotación de Equipos de Protección individualizados, segundo se recolle na Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- Computo real da xornada realizada e manter as 1451h de xornada efectiva. Que non se lles apliquen penalizacións en situación de incapacidade temporal ou permisos de conciliación familiar.
- Eliminación dos obxectivos o iren de derivación de doentes do PAC ao hospitalaria. Derívanse doentes por patoloxía non por número
- Esiximos o pago inmediato do 100% dos complementos de festividade e nocturnidade conxelados desde o 2010
- Abono de dietas en domingos e festivos por comida e cea.
- Elaboración de calendarios de traballo dando prioridade ao persoal do PAC.

Tras a convocatoria da Comisión Técnica e varias reunións estériles nas cales o SERGAS non achegou ningunha proposta solucionar e corrixir as demandas presentadas, as e os traballadoras/es dos PAC víronse na obriga de ir a unha convocatoria de Folga para que as súas reivindicacións, xustas e básicas, sexan escoitadas. Despois de 1 mes desde a convocatoria de folga o SERGAS fai oídos xordos aos problemas dos e das traballadoras dos PAC, coa repercusión negativa que as carencias nos PACs teñen sobre a saúde os usuarios destes servizos. Polo anteriormente exposto o Pleno do Concello de . mostra a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras dos PAC, e insta á Consellaría de Sanidade e ao SERGAS a negociar cos traballadoras/es da sanidade pública as demandas laborais e asistenciais presentadas polo colectivo. A sanidade pública é un dereito de todas/os

**Votacións:** Catro votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Prieto Lago ,David Prada Aneiros Marina Tojeiro Martinez e o voto do Sr. Alcalde , e tres abstencións dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao e Ana Rodríguez Montero.

**O Concelleiro Cándido Eusebio Prieto Lago** explica que os traballadores dos PAC , puxéronse en contacto con todos os concellos para chegarlles as súas carencias , que van mais alá de reivindicacións de subida de salarios e reclamar maior persoal , maior protección laboral en materia de riscos laborais etc , en algúns PAC , permanece o medico como único persoal sen persoal de enfermería o que non se debería permitir , incluso chegan noticias que o SERGAS pretende remodelar o sistema de PAC , e todo isto repercute na nosa saúde



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

**A concelleira Ana Rodríguez Montero** explica que ela era coñecedora das reivindicacións en materia de falta de persoal , e do resto de materia que se explica na moción non ten noticias algunhas

**6.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA .** O Alcalde pregunta si hai que facer algunha aclaración ao listado de decretos enviados . Non se produxo ningunha consulta

Núm.	Data	Asunto
203/2018	22/10/18	Decreto de renuncia a achega a outros plans do POS 2017+, en relación a obra de melloras do Polideportivo
204/2018	25/10/18	Decreto de convocatoria de pleno ordinario de outubro 2018
205/2018	29/10/18	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 17, Cerdido
206/2018	31/10/18	Contrato Menor de servizos para a dirección da obra :Camiño Vila da Igresia a Becerroi ( Cerdido ) e outros
207/2018	31/10/18	Adxudicación do contrato de Obra : Camiño Vila da Igresia a Becerroi( Cerdido ) e outros, incluído no POS +2018
208/2018	02/11/18	Aprobación da conta xustificativa de Subvenciones Nominativas a catro beneficiados
209/2018	07/11/18	Decreto de aprobación duna expediente de axuda no fogar na modalidade de básica
210/2018	07/11/18	Alta no padrón municipal de habitantes en Casavide, 1, Cerdido
211/2018	12/11/18	Resolución do contrato de Obras: Reformas na piscina municipal de O Castro
212/2018	14/11/18	Relación de recibos correspondentes ó mes de outubro do 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
213/2018	14/11/18	alta a anotar no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello en Felgasas, 66, A Barqueira
214/2018	14/11/18	Decreto de convocatoria de pleno infantil
215/2018	15/11/18	Solicitude de autorización para usar a escola de Avispeira e o pavillón municipal
216/2018	15/11/18	Decreto aprobación facturas 2018/1190 a 2018/1313 e outros gastos
217/2018	15/11/18	Solicitude xeral a nome de Antonio López Vázquez para usar un local de Avispeira para celebrar una festa con merenda para los niños/as



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

		participantes en el concurso de postais de Nadal 2018 que organiza la Asociación Promacer.
218/2018	22/11/18	Decreto recoñecemento antigüidade traballadoras axuda no fogar
219/2018	23/11/18	Aprobación da conta xustificativa da subvención das seguintes entidades :APA os Carrís Asociación reparación maquinaria amigos de Os Casas Asociación de mulleres rurais Albar Quercus Comisión de festas de Os Casás
220/2018	26/11/18	Decreto de pagos varios, Seitura22 e Hacienda taxa regularización
221/2018	27/11/18	Decreto de devolucion de garantía depositada pola empresa Prosema ,no expediente de contratación 2015/C3/03 , Mellora de instalacións deportivas .
222/2018	29/11/18	Contrato menor de a dirección de obra e seguridade e saúde da obra: camiño Covelo-Casanova (os casas). pos+ 2018-complementario
223/2018	29/11/18	Decreto de adjudicación do contrato da obra :Camiño Covelo -Casanova ( Os Casas ) incluído no POS +2018 1/adicional
224/2018	30/11/18	Decreto de aprobación do Plan de corta das Fraga da Xaneira e da Fraga dos Casas presentado por Marcelino Pena Franco
225/2018	05/12/18	Aprobación da conta xustificativa de dúas entidades municipais Airiños dos Carris e Comisión de Festas dos Casas
226/2018	07/12/18	Contratación de Servizo de axuda no fogar por procedemento aberto , tramitación simplificada , Licitación electrónica
227/2018	07/12/18	Solicitude Xeral a nome da Comisión de festas de Os Casás 2019 expón que esta comisión de festas está organizando a festa da Inmaculada Concepción que se celebrará o 8 de decembro en Os Casás
228/2018	07/12/18	Solicitude xeral a nome da Asociación Recreativa Deportiva Dominó CVM polo que se solicita a inscrición da asociación no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cerdido

### 7.- ROGOS E PREGUNTAS

**A concelleira Ana Rodríguez Montero** , explica que as pistas de zahorra , están en moi mal estado e con este tempo se están deteriorando moito , as cunetas non están limpas e a auga esta a estropear continuamente as pistas .



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000007

**O Alcalde** explica que se amañaron algunhas pistas , pero que non tempo a facelo en todas entende que hai que tomar medidas dado que se inverte cartos nestas pistas e ao pouco tempo os maderistas as estragan . Así mesmo explica que pensa en mercar unha retro para realizar a limpeza de pistas e evitar , así o seu deterioro

**O Concelleiro José Esmoris Aldao** solicita unha explicación a nota de prensa enviada tras o pleno anterior no que se dicía que o PP non aprobou a moción sobre a modificación das ordenanzas fiscais .

**O Alcalde** , explica que foi un erro da Voz de Galicia , que no resto de xornais a noticia saíu ben e que no momento que se deron conta a corrixiron no xornal dixital e ao día seguinte en papel . O erro non foi intencionado

**A Concelleira Ana Rodríguez Montero** explica que ela tamén chamou e solicitou a corrección en papel porque en principio querían só facer a corrección no xornal dixital

Ás 21,15 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

A secretaria- interventora Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro